

O engano do "milagre económico" de Javier Bas


ANO 2011.

"Este ano houbo maior disposición de préstamos, o que fai que este ano se presente superávit aínda maior (case que 2.000.000 €) respecto ao superávit do ano anterior. AUMENTO PASIVOS FINANCIEROS: 2.511.037,00 €. Neste ano seguise dispoñendo dos créditos solicitados nos anos 2009 e 2010. A devolución destas dúas operacións vai supor unhas amortizacións nos anos vindeiros de 300.000 €." (Interventor).

CONCLUSIÓN: é certo que o bipartito tiña créditos pedidos, pero non gastados. De feito, ata o 2018 aínda se estaban gastando fondos desas famosas débedas do bipartito. Eles pediron os préstamos pero... QUEN GASTOU A PASTA? Bas comeza o seu mandato cuns orzamentos prorrogados pero dopados de crédito.

Pleno ordinario do 30 de novembro de 2011.

ACORDO: Acordar a adhesión íntegra do Concello de Redondela ao Convenio suscrito entre a Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias en materia de intercambio de información e colaboración na xestión recadadora coas Entidades Locais. APROBADO POR UNANIMIDADE.



Este é un feito importante, porque unha das ordenanzas fiscais que deixa "no caixón" o bipartito é a chamada das "plusvalías". Esa que só pagaban algúns e a maioría non a pagaba, pero tiña un **gravame astronómico**. E foi AER o impulsor de que se modificara esa ordenanza fiscal. Pero mentres tanto e, froito deste acordo por unanimidade, Facenda fixo revisión dos anos anteriores e de tódalas declaracións ata a entrada en vigor da nova norma. **Catro anos con efectos retroactivos**. Vexan vostedes a

evolución da recadación dese imposto, que pasou de 55.295€ no 2011 ata 858.523€ do ano 2016. É unha diferenza de 800.000€ nun só ano. Pero é que a festa durou dende o ano 2012 (198.860€), o peor ano da serie Bas, ata estar por enriba dos 600.000€ nos anos 2014, 2015, 2016 e 2017.

A situación actual é: "acabouse o choio", unha vez pasadas as declaracións afectadas pola "ordenanza fiscal do bipartito", a recadación vai cara a normalidade, e así podemos ver como no ano 2018 a recadación por este concepto está en 225.445€, moi por debaixo dos 614.413€ de 2017. **Pero parece que ninguén se está a decatar desta baixada de ingresos e Bas promete a mesmísima lúa se é preciso con tal de tentar gañar as eleccións.**


ANO 2012.

"¡DOUS MILLÓNS DE EUROS EN FACTURAS SEN PAGAR!" Pois vai ser que non. Nos plenos extraordinarios de 13 de abril e 18 de xuño aprobouse pagar 623.970,85€ e 204.391,20€ respectivamente, que fan un total de 828.362,05€. Iso si, pagados cos créditos do bipartito. Ou sexa; **pagounas Bas cos cartos dos créditos do bipartito**. Non só se pagan estas facturas, comézase impulsar o programa "Marisma +", financiado pola UE. Para tal grao de inversión viñeron moi ben eses créditos que estaban "no caixón".

O "Marisma +" é talmente coma un acto de "branqueo de capital". Explicámonos. Collemos os créditos que podemos e imos investindo e xustificando as obras para que a UE nos vaia devolvendo o 80% da inversión. **Cada millón de euros que se inviste a UE devólvenos 800.000€**. Esta operación é fantástica porque cun crédito (débeda) de un millón pódese facer unha inversión desa cantidade que nos retorna o 80%.

O “Marisma +”, impulsado polo bipartito, apróbase cando entra Javier Bas, que se atopa con: un proxecto para o que lle devolven un 80% da inversión e os cartos para executalo. En vez de agradecerlo dedícase estes anos, e segue, acusando aos anteriores do mal que llo fixeron pasar. **O máis triste desta situación é que teña que ser AER quen desenmascara esta falacia de gran xestor que é Javier Bas.** Porque os que gobernaron antes parece que non se enteran. E iso que algún tivo responsabilidades económicas.

Como exemplo podemos salientar os ingresos de 2015 a conta deste “Marisma +”: 2.385.086,17€. O cal quere dicir que dunha inversión de 2.981.357€ devólvennos eses 2.385.086€. Volvemos ter a maior parte dos cartos, dos créditos, e ademais feita a inversión pola que pagamos un 20%. Que menos que un pouco de agradecemento por parte de Javier Bas!



ACABA AQUÍ A “GRAN XESTIÓN” DE JAVIER BAS? Pois non, ademais de contar cos créditos solicitados polo goberno anterior e cun proxecto que lle permitiu investir cun coste do 20%, e de incrementar os ingresos por plusvalías 15 veces a contía de 2011, aínda xestionou moi ben outras cousas. **O IBI**, o Imposto de Bens Inmóveis, sofre unha revisión no ano 2005 que empeza a ser efectiva no

ano 2006. Esta revisión conleva unha **actualización dun 10% anual**. Co cal, Javier Bas, atópase que por este concepto vai obter ingresos crecentes desde 2011 ata 2016 en que se estabiliza. ¿Ou non? Ou sexa, **a diferenza de ingresos por IBI entre o último orzamento pechado do bipartito e este último de Javier Bas, é de un millón de euros**. Podíase facer mellor? Si, que ademais che veña un **“catastrazo”** que che encha máis as arcas municipais e así poder gastar coma un tolo. Como se ve polo incremento de 2018.

CONCLUSIÓN:

A boa xestión de Javier Bas é máis que dubidosa, non procede dun gasto racional e ordenado, porque o **modelo de contratación é nefasto** ata que a lei de contratos nova o obriga a certas limitacións.

Créditos sen executar, proxecto europeo que lle devolve o 80% do que inviste, incremento das recadacións por plusvalías que non ten comparación e unha subida constante do IBI, acompañada dun catastrazo, que remata esta interesantísima xestión de Javier Bas. Esta persoa, que parece anunciar a multiplicación dos pans e dos peixes por arte de maxia, o que fixo foi beneficiarse dunha carga impositiva á cidadanía en continuo incremento por un ou outro concepto.

COIDADO!

Coidado porque o incremento dos custes, gastos fixos do Concello, tamén evolucionou dun xeito importante, cousa que non parece ter en conta ninguén, e menos Javier Bas, que nos anda a vender megaproxectos cos que deixar o seu nome na memoria de Redondela. Dos 11.302.731€ de 2011 pasamos a uns gastos “correntes” de 13.974.854€ no 2018. “UN MILLÓN SEISCENTOS MIL EUROS MÁIS”. E os ingresos baixando. Seguro que nos quedarían na memoria, porque todos eses proxectos non só teñen un custe de execución, teñen un custe de mantemento, gastos enerxéticos, gastos de persoal, gastos en material, gastos en reparacións. **O problema non é facelos, o problema é mantelos.**

Para nós, para AER é fundamental unha análise seria e obxectiva, de tódalas cargas impositivas da cidadanía de Redondela antes de poñerse a proclamar baixadas de aquí ou de alí. Tratar de ver cales se poden baixar, e tamén cales deben subir. Isto debe ir acompañado dun plan de aforro nos gastos correntes ben definido e sustentable. Sen ocorrencias, aforro enerxético (cun custe moi alto para o Concello) aforro no modelo de subministracións e servizos contratados. En vez de “compriñas”, acompañados das xefaturas de cada servizo, analizar custes fixos anuais e buscar aforro cun modelo de economía de escala.

Do mesmo xeito actuar con aqueles servizos repetitivos, buscando unha competencia libre e imparcial que permita aforros sen esquecer que as contratacións públicas deben colaborar cun sistema laboral xusto, con salarios dignos e condicións laborais de igualdade, conciliación e respecto. Todos estes aspectos deben ser considerados nos pregos de contratación, a Responsabilidade Social Corporativa, debe implantarse como un criterio máis de contratación.

Deputados provinciais cobraron 200 euros por asistir a unha comisión sen contido e que durou iun minuto!

Unha análise realizada por AER a partir das actas publicada na web da Deputación de Pontevedra demostra que PSdG, PP e BNG sempre están dispostos a chegar a acordos... para cobrar.

PSdG e BNG acordaron tamén que dous deputados do PP sen responsabilidades de goberno teñan un salario maior que oito dos deputados con responsabilidades.

Javier Bas cobra preto de 30.000 euros só por asistir a plenos e comisións da Deputación, aos que hai que sumarlle 45.000 euros de salario como Alcalde e arredor de 6.000 por asistir a comisións da Autoridade Portuaria: ¡80.000 euros en total!

Ao inicio deste mandato e despois da toma de posesión dos novos deputados provinciais, AER informou a través dun boletín dos acordos aos que chegaran os grupos alí representados para os salarios e para as asignacións. Actualizamos agora eses datos ao poder acceder a mais información a través da páxina web de Deputación de Pontevedra. Cousas da “transparencia”.

Dá gusto poder comprender como os partidos políticos tradicionais son quen de chegar a acordos. En realidade, no que se poñen de acordo é no tema retributivo. Nese eido non teñen ideoloxía, son quen de acordar incrementos nas asignacións que eles mesmos se dan para os seus grupos políticos, reparto de cargos de confianza ou os seus propios salarios.

	Cargo	Salario	Grupo Político
Carmela Silva	Presidenta	74.013,45 €	PSdG
Carlos López Font	Economía e Facenda	69.987,28 €	PSdG
Luis Aragunde	Deputado	62.012,44 €	PP
J. Manuel Figueroa	Deputado	62.012,44 €	PP
Uxío Benítez	Mob. E Coop. Transfront.	47.771,38 €	BNG
Xosé Leal	Cultura e N. Lingüística	44.649,01 €	BNG
Eva Vilaverde	Deputada "Sanidade"	44.609,63 €	BNG
Consuelo Besada	Deportes	36.087,78 €	PSdG
Juan Antonio González	Medio Ambiente	31.006,29 €	PSdG
F. Javier Dios	Innovación	31.006,29 €	PSdG
José Ferverza	Deputado	31.006,29 €	PP
Ángel Moldes	Deputado	31.006,29 €	PP
Montserrat Magallanes	Emprego	30.290,40 €	PSdG
Digna Rivas	Cohesión Soc. e Xuv.	30.290,40 €	PSdG

PSdG, PP e BNG, á hora de cobrar, todo son acordos.

Socialistas, nacionalistas e populares foron quen de aprobar que dous deputados do PP sen responsabilidades de goberno teñan un salario maior que oito dos deputados con responsabilidades de goberno, por encima incluso do propio vicepresidente (aínda que este complementa a súa dedicación ao Concello de Pontevedra).

Os deputados que non teñen dedicación exclusiva ou parcial cobran por asistencia a comisións (200 euros), ou aos plenos (475€). Cada mes celébranse nove comisións e un pleno. Na web do organismo provincial aparecen as actas das comisións do ano 2018 ata outubro. Ao revisar as actas, chama a atención que no documento consta unha duración media que ronda os setenta minutos. Sen embargo, hai que ter en conta que as nove comisións celébranse o mesmo día do mes e que a primeira comeza ás 12:00. Asemade, a última das comisións sempre remata sobre as 12:45. Isto dá uns cinco minutos de media por comisión. Nestas mesmas actas apenas se reflicte debate, ou explicacións ou participación ningunha. Alí vaise ao que se vai parece ser que é a cobrar! Por exemplo, nas comisións de Desenvolvemento Sostible o tema a tratar basicamente foi a compostaxe: subvencións, regulamento, concellos adheridos. Así mes tras mes.

Récord mundial de remuneración por comisión.

O colmo da desvergonza tivo lugar nas comisións Innovación, Promoción Económica e Turismo. No mes de maio do ano pasado convocouse esta comisión co único punto na orde do día de “aprobar o borrador da acta do mes de abril”. Os deputados sen dedicación cobraron os seus 200 € e a acta indica que durou cinco minutos.

No mes de xuño foron mais alá e convocaron a comisión novamente con un só punto na orde do día “Aprobar a acta do mes maio”, convocaron unha comisión para aprobar a acta da comisión anterior, onde non trataran NADA!!! E volveron cobrar cadanseus 200 euros. Nesta ocasión, salienta o traballo do funcionario encargado de redactar a acta xa que indicou que a comisión comezara as doce e vinte dous minutos e rematara un minuto despois. Un minuto de traballo, nada que tratar e douscentos euros para o peto.

Santos Héctor, Presidente da Comisión máis desvergonzada.

Mencionar que o presidente desta comisión, Santos Héctor Rodríguez, é un socialista moi “querido” dentro de AER. Santos cobra por asistencia a plenos e comisións e no ano 2018 embolsouse 39.000 € por estes conceptos, máis o seu salario como concelleiro de 44.858,40 euros. **Hai catro anos, Santos tachounos de corruptos** pois segundo el non apoiabamos ao PSOE en Redondela porque estabamos a recibir favores laborais na Deputación. En todo este tempo estivo tan ocupado nas comisións que preside (e que duran tanto!) que non foi quen de probar as súas acusacións.

Bas, tamén.

Tampouco podemos esquecernos do noso Alcalde que tamén cobra por asistencia a plenos e comisións. Javier é unha persoa moi disposta a clamar contra o goberno da “nova Deputación” pola súa falta de transparencia e as súas formas ditatoriais... pero sobre as remuneracións non ten nada que dicir. El tamén asistiu a estas comisións e de feito non perde unha. No ano 2018 cobrou por asistencia a plenos e comisións 27.250 € que “complementaron” os 45.000 € que cobra como salario de alcalde de Redondela.